



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Ante o repunte da represión por parte de Marrocos contra a poboación civil saharauí nos territorios ocupados do Sáhara, o Parlamento de Galicia considera urxente que se garanta a legalidade internacional e se poñan en práctica as diferentes resolucións do Consello de Seguridade de Nacións Unidas relativas ao dereito inalienable do pobo saharauí á súa autodeterminación e á súa liberdade e á paz.

O pasado 8 de outubro sete defensores pacíficos dos dereitos humanos saharauís foron detidos no aeroporto de Casablanca (Marrocos) cando regresaban de visitar as súas familias e amizades nos campamentos de refuxiados saharauís. E están á espera de seren xulgados por un tribunal militar marroquí.

O Parlamento de Galicia expresa a súa firme condena e o seu rexeitamento á detención e esixe a súa inmediata liberación.

O día 13 de novembro a policía marroquí detivo, no aeroporto de El Aaiún (capital do territorio non autónomo do Sáhara occidental), a activista de dereitos humanos Aminettou Haidar, quen, desprovista de pasaporte, foi enviada ao aeroporto de Lanzarote, o que involucrou o Estado español na expulsión do Sáhara de Aminettou Haidar por parte do Reino de Marrocos.

O Parlamento de Galicia invita a todas as institucións do Estado, e nomeadamente o Goberno central, a seguir traballando para reclamar xustiza e paz, respecto aos dereitos humanos e apoio internacional para o pobo saharauí, empezando por apoiar a Aminettou Haidar e esixindo a restitución de todos os seus dereitos.

O Parlamento de Galicia expresa o seu firme apoio á causa saharauí, a súa solidariedade co pobo saharauí na loita polos seus lexítimos dereitos para alcanzar a paz e a liberdade, e demanda o respecto aos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara occidental e a inmediata liberación de todos os presos políticos saharauís.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2009